

## Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal para o día 26 de novembro de 2018 (Pleno 11/2018)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía por Decreto 3009/2018 de 21 de novembro, e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión ordinaria do Pleno** que terá lugar no Salón de sesións da Casa do Concello o **día 26 de novembro de 2018 ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber "quórum" suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Así mesmo infórmase que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícaselle que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

<b>Sesión de:</b> Pleno	<b>Data da sesión:</b> 26/11/2018
<b>Convocatoria:</b> Sesión 11/2018	<b>Hora:</b> 20:30 h.

- 1.- Acta da sesión anterior (29/10/2018). Aprobación.
- 2.- Declaración institucional do 25 de novembro - Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres e nenas.
- 3.- Ordenanza municipal reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria no concello de Carballo. Aprobación inicial. (CIPUM de 20/11/2018)
- 4.- Permuta terreo para camiño público no lugar de O Salto - Vilela. (CIPUM de 20/11/2018)
- 5.- Recoñecemento de compatibilidade dun traballador municipal coa categoría de profesor de clarinete do CMUS para unha segunda actividade no sector privado. Aprobación.
- 6.- Compatibilidade solicitada polo profesor do conservatorio profesional de música de Carballo, ensinanza de harmonía, análise, fundamento da composición e gaita. Informe favorable.
- 7.- Compatibilidade solicitada polo profesor do conservatorio profesional de música de Carballo, ensinanza de trombón. Informe favorable.
- 8.- Moción do grupo municipal de TEGA, rexistro de entrada nº 10223/2018 de 14 de novembro, para que se cumpra a accesibilidade no edificio ubicado no nº 2 da rúa Eduardo Blanco Amor e para dispoñer de copia das cesións de terreo privado que se vai ocupar coas obras de reurbanización da contorna do colexio A Cristina. (CIPUM de 20/11/2018)

### 9.- Seguimento de órganos de goberno:

- 9.1.- Informe de intervención e tesourería do cumprimento da lei 15/2010, do 5 de xullo, que modifica a lei 3/2004, do 29 de decembro, de medidas contra a morosidade, relativo ao terceiro trimestre de 2018. Toma de coñecemento.
- 9.2.- Información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde MAP/2105/2012 do 1 de outubro. Execución terceiro trimestre de 2018. Toma de coñecemento.
- 9.3.- Resolucións da Alcaldía.
- 9.4.- Acordos da Xunta de Goberno Local